

A N U N C I O D E L I C I T A C I Ó N

Aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, que rexen a contratación das **“POLIZAS DE SEGUROS EN DISTINTOS RAMOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADOS OU VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”**, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. Obxecto: A contratación das **“POLIZAS DE SEGUROS EN DISTINTOS RAMOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADOS OU VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”**.
2. Duración do contrato: de **DOUS (2) ANOS** a contar dende as **00:00 horas do día 1 de xaneiro de 2017**, sen posibilidade de prórroga.
3. Prezo de licitación: Sinálase como orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato durante o ano 2017, **90.500,00 €**, facendo constar que esta actividade está exenta do Imposto sobre o Valor Engadido. O orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato durante o ano 2018, é de **95.000,00 €**.
4. Procedemento e tramitación: A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto.
5. Clasificación: Non se esixe.
6. Documentación acreditativa da capacidade. Os licitadores deberán aportar documentación acreditativa do Ministerio de Economía e Facenda que xustifique que o licitador está autorizado pola Dirección Xeral de Seguros para actuar como entidade aseguradora no ramo ou ramos a que pertencen os seguros obxecto da presente contratación e que cumpren todos os requisitos esixidos no Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, aprobado polo R.D.Legislativo 6/2004, do 29 de outubro (en diante TRLOSSP), para o exercizo desta actividade.
7. Solvencias:
 - a. Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante o volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volumen dentro dos tres últimos exercizos, por importe igual ou superior á vez e media do valor anual medio do contrato (139.125,00). Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b. Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluírá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos



mesmos, realizados nos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV (66), ao non estar encuadrado este contrato dentro dos grupos establecidos no R.D.1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC), durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior áo 70% da anualidade media (64.925,00 €), sen incluír o IVE. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Criterios de adxudicación: Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poidan puntuarse:
 - a. Plan de incremento de garantías: Ata un máximo de **QUINCE (15) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar un Plan onde describan e valoren os incrementos de garantías que oferten para as diversas pólizas obxecto deste contrato, sobre as garantías definidas no PPT. O Plan deberá desglosar o incremento de garantías valorado para cada ramo das pólizas.
 - b. Plan de xestión de sinistros: Ata un máximo de **CINCO (5) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar un Plan onde describan a xestión de sinistros, coa xestión administrativa proposta polo licitador.
 - c. Prezo. Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación polas dúas anualidades, que figura na **cláusula 2ª** do prego (**185.500,00 €**). Valorarase ata un máximo de **OITENTA (80) PUNTOS**.
9. Mesa de contratación: Designados os seus membros o 6 de outubro de 2016, por Resolución da Alcaldía, de acordo co lo sinalado na cláusula 11ª do prego administrativo respectivo e será constituída en virtude do disposto na cláusula 12ª de dito prego.
10. Garantías: **Garantía definitiva do 5% do importe total da adxudicación.**
11. Lugar e prazo de presentación de ofertas: O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, **www.sanxenxo.es**. O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase



CONCELLO DE

SANXENXO

en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil. As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, das **9 ás 14 horas, de luns a venres**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte.

12. Entidade e información: Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es. - Perfil del Contratante.

En SANXENXO, a 10 de outubro de 2016.



O Alcalde-Presidente

Gonzalo Gonzalo Pita